



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Deseño de proxectos educativos de centro	Código	652512209	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición do coñecemento epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustentan a intervención educativa.</p> <p>Partindo desta premisa básica apóstase por unha práctica baseada na utilización de recursos favorecedores do deseño de Proxectos Educativos comprometidos coa optimización do proceso de ensino-aprendizaxe, da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo, e do desenvolvemento dunha sociedade xusta.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao deseño de proxectos educativos desde ao estudo e análise dos contextos escolar e social de referencia.</p> <p>A metodoloxía de traballo na materia será fundamentalmente activa, onde os estudantes serán os principais protagonistas das análises, dos debates e das propostas que se formulen a partires da documentación de referencia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Planificar e levar a cabo propostas pedagógicas innovadoras baseadas na equidad, na democracia, e na inclusión	AP1	BM1	CM2
	AP2	BM4	CM3
	AP6	BM6	CM4
		BM9	
		BM11	
		BM12	
		BM13	
		BM14	
		BM15	



Identificar e seleccionar os principios que sustentan a cultura axiolóxica, organizativa e metodolóxica dun centro educativo	AP1	BM1	CM2
	AP6	BM2	CM4
	AP8	BM4	
	AP11	BM6	
		BM7	
		BM12	
		BM13	
		BM14	
		BM16	

Contidos	
Temas	Subtemas
Perspectiva e definición do proxecto educativo como documento de centro	Estrutura e características do curriculum nos distintos niveis do sistema educativo. Significado das políticas de comprensividade. A descentralización e o control do curriculum.
Finalidades do proxecto educativo	O proxecto educativo como seña de identidade. O proxecto educativo como proxecto de viaxe compartido. O proxecto educativo e a súa coherencia interna e externa.
Proceso de elaboración do proxecto educativo	Os compoñentes do proxecto educativo Relación entre o proxecto educativo e o curriculum O proxecto educativo como toma de decisións compartida e contextualizada.
Implementación do proxecto educativo	A participación como ferramenta para a implementación. A reflexividade e a acción crítica en educación. A investigación-acción baseada na institución escolar e o seguimento dos proxectos educativos. A supervisión e a avaliación como eixos do cambio.
O proxecto educativo e o cambio sostible: promovendo a democracia, a xustiza e a inclusión	A programación, a implementación e a avaliación dun proxecto educativo como actividade reflexiva e crítica, e como estratexia para a renovación pedagóxica

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 B1 B4 B6 B7 B12 B14 B15	10	10	20
Traballos tutelados	A2 A6 A8 A11 B2 B9 B11 B13 B16 C2 C3 C4	10	40	50
Seminario	A1 A2 B1 B2 B4 B6 B7 B11 B14 B15 C3 C4	10	30	40
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Sobre a base de leituras programadas ao longo do curso
Traballos tutelados	Elaboración dun traballo de análise e/ou deseño de proxecto educativo realizado en grupo



Seminario	Análise teórico-práctica dos eixos nos que se enmarca o deseño dun proxecto educativo favorecedor da equidade e da xustiza social
-----------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Discusión dirixida</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Seminario</p>	<p>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, lecturas, actividades e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de tutorías fixado de forma oficial.</p> <p>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións presenciais, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen.</p> <p>3. Como a realización do traballo tutelado é imprescindible para superar a materia, recoméndase que cada grupo realice unha tutoría obrigatoria, fóra do horario de docencia presencial da materia.</p> <p>4. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A6 A8 A11 B2 B9 B11 B13 B16 C2 C3 C4	<p>Os criterios/requisitos mínimos a partir dos cales se avaliarán os traballos tutelados serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O grao de profundidade coa que se traballe o contido. -A utilización dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. -A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. -A presentación e a claridade da exposición. 	100

Observacións avaliación

<p>O mestrado ten carácter presencial. O alumnado que por motivos comunicados á profesora ao inicio do curso non poda acudir ás sesións presenciais ou ao finalizar as mesmas teña unha asistencia inferior ao 80% deberá realizar e entregar o traballo tutelado, así como as actividades que a docente considere, de modo individual no mesmo tempo e forma que o resto do alumnado. Este criterio é aplicable ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa. O traballo tutelado entregarase na data que se indique a inicio do curso. No traballo tutelado a avaliación de cada membro do grupo (de ser o caso) variará en función da súa implicación continua na materia e na elaboración do traballo. Poden realizarse variacións na composición e número dos membros dos grupos durante a realización do traballo tutelado sempre negociadas coa profesora. Non se admitirán propostas para o traballo unha vez finalizado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que se entregará na clase. A asistencia ás sesións de seguimento volcarase dentro do traballo tutelado. As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto ou ideas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo. O traballo realizarase seguindo as pautas que se darán na clase. Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª oportunidade.</p>
--

Fontes de información



Bibliografía básica

- AYERS, William e ALEXANDER-TANNER, Ryan (2013). Enseñar, un viaje en cómic.. Madrid. Morata
- GIMENO SACRISTÁN, José (Comp.) (2010). Saberes e incertidumbres sobre el currículum. Madrid. Morata
- HARGREAVES, Andy e FULLAN, Michael (2014). Capital profesional. Madrid. Morata
- RUDDUCK, Jean e FLUTTER, Julia (2007). Cómo mejorar tu centro escolar dando la voz al alumnado. Madrid. Morata
- SLEE, Roger (2012). Una escuela extraordinaria. Exclusión, escolarización y educación inclusiva. Madrid. Morata
- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2006). Globalización e Interdisciplinariedad: el currículum integrado. Madrid. Morata
- WRIGLEY, Terry (2007). Escuelas para la esperanza. Una nueva agenda para la renovación. Madrid. Morata



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BAUMAN, Zygmunt (2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida.. Barcelona. Gedisa- BEANE, James A. (2005). La integración del currículum. . Madrid. Morata- BERNSTEIN, Basil (2001). La estructura del discurso pedagógico (Clases, códigos y control. Vol. IV). . Madrid. Morata - Fundación Paideia- BRUNER, Jerome (1997). La educación, puerta de la cultura. Madrid. Visor- DADZIE, Stella (2004). Herramientas contra el racismo en las aulas. . Madrid. Morata- DEWEY, John (2004). Democracia y educación (edic. completa).. Madrid. Morata- DUBET, François (2005). La escuela de las oportunidades ¿Qué es una escuela justa?. Barcelona. Gedisa- FISHER, Robert (2012). Diálogo creativo. Hablar para pensar en el aula. . Madrid. Morata- GARDNER, Howard (1993). La mente no escolarizada. Cómo piensan los niños y cómo deberían enseñar las escuelas. Barcelona. Paidós- GIMENO SACRISTÁN, José (Comp.) (2009). Educar por competencias, ¿Qué hay de nuevo?. Madrid. Morata- GOODSON, Ivor F. (1995). Historia del currículum. La construcción social de las disciplinas escolares. . Barcelona. Pomares Corredor- GUTMANN, Amy (2001). La educación democrática: una teoría política de la educación.. Barcelona. Paidós- HARGREAVES, Andy (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. . Barcelona. Octaedro- LANKSHEAR, Colin e KNOBEL, Michele (2009). Nuevos alfabetismos. Su práctica cotidiana y el aprendizaje en el aula. . Madrid. Morata- LOUGHLIN, Catherine E. e SUINA, Joseph H. (1997). El ambiente de aprendizaje: Diseño y organización. . Madrid. Morata - M.E.C- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Juan Bautista (1999). Negociación del currículum. La relación enseñanza-aprendizaje en el trabajo escolar. . Madrid. La Muralla- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Juan Bautista (2006). Educación para la ciudadanía. . Madrid. Morata- MORIN, Edgar (2001). Los siete saberes necesarios para la educación del futuro. . Barcelona. Paidós- NUSSBAUM, Martha C. (2012). Crear capacidades. Propuesta para el desarrollo humano.. Barcelona. Paidós- NUSSBAUM, Martha C. (2005). El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma de la educación liberal. . Barcelona. Paidós- PÉREZ GÓMEZ, Ángel I. (2012). Educarse en la era digital.. Madrid. Morata.- PÉREZ MILLÁN, Juan Antonio (2014). Cine, enseñanza y enseñanza del cine. Madrid. Morata- PERRENOUD, Philippe (2007). La construcción del éxito y el fracaso escolar. . Madrid. Morata - Fundación Paideia- SANTOS, Boaventura de Sousa e MENESES, Maria Paula (2014). Espistemologías del Sur. Madrid. Akal- SANTOS GUERRA, Miguel Ángel (2006). La escuela que aprende. . Madrid. Morata- SHORT, Kathy G (2000). El aprendizaje a través de la indagación. Docentes y alumnos diseñan juntos el currículo.. Barcelona. Gedisa- SLEE, Roger; WEINER, Gaby e TOMLINSON, Sally (Eds.) (2001). ¿Eficacia para quién? Crítica de los movimientos de las escuelas eficaces y de la mejora escolar. . Madrid. Akal- STENHOUSE, Lawrence (2010). Investigación y desarrollo del currículum. . Madrid. Morata, 6ª ed.- STOBART, Gordon (2010). Tiempos de pruebas: Los usos y abusos de la evaluación. . Madrid. Morata- TANN, C. Sarah (2004). Diseño y desarrollo de unidades didácticas en la escuela primaria. . Madrid. Morata - M.E.C- TOMLINSON, Carol Ann (2005). Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula. . Barcelona. Paidós- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2009). La desmotivación del profesorado. . Madrid. Morata- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2008). Multiculturalismo Anti-Racista. Porto (Portugal). Profedições- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2007). Educación en tiempos de Neoliberalismo. Madrid. Morata- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2005). El currículum oculto. . Madrid. Morata, 8ª edic.- WHITIN, Phyllis e WHITIN, David J. (2000). Indagar junto a la ventana. Cómo estimular la curiosidad en los alumnos. . Barcelona. Gedisa- ZEICHNER, Kenneth M. (2010). La formación del profesorado y la lucha por la justicia social. . Madrid. Morata
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Promoveranse os envíos dos traballos telemáticamente e, se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías